



## LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Baltar Feijóo  
 D<sup>a</sup> .Carmen Cabeza Pereiro  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Xosé Manuel Cid Fernández  
 D. José Cidrás Pidre  
 D<sup>a</sup> Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Enrique Costas González  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Luís Domínguez Castro  
 D. José Durany Castrillo  
 D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D<sup>a</sup> Ángeles Filgueira Pérez  
 D. Francisco Javier García Paz  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D<sup>a</sup> Ana Garriga Domínguez  
 D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
 D. Jorge Juan Gómez Gude  
 D. Roberto González Novas  
 D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. Jesús Hernández Sánchez  
 D<sup>a</sup> Hilda Iglesias Galán  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe  
 D. José L. Legido Soto  
 D<sup>a</sup> María Martínez Rodríguez  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Sergio Pajares Domínguez  
 D. Antonio Pena Giménez  
 D. J. Óscar Rubiños López  
 D. Patricio A. Sánchez Bello  
 D. Angel Sánchez Bermúdez  
 D. Juan Suárez Creo  
 D. Juan Surís Regueiro  
 D. José E. Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Ezequiel M. Vázquez López  
 D. Amador Vázquez Vázquez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa del Rosario Vidal Gallego  
 D. Augusto Viso Alonso

Desculpan asistencia:

D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Pita Grandal

Acta da sesión extraordinaria constituinte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día 29 de xullo de dous mil dous ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O luns, día **29 de xullo de 2002**, ás 10: 15 horas, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación deu comezo a xuntanza constituinte do Consello de Goberno co obxecto de tratar o único punto da orde do día:

1.- Debate e aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa como Secretaria a Secretaria Xeral da Universidade D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe.

O Rector da a benvida a tódolos asistentes e da por constituído o Consello de Goberno provisional da Universidade de Vigo. A relación de membros que forman parte do mesmo figura no Anexo I.

A continuación pásase a debater o: Púnto único: “Debate e aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno”.

O Rector fai a presentación do texto da proposta do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno (Anexo II), sinala que as enmendas trataráanse por orde de Rexistro de entrada e serán defendidas polo primeiro asinante das mesmas. Finalmente votarásese o texto conxunto.

A totalidade das enmendas presentadas figuran como Anexo III.

A continuación trátanse as enmendas:

-Artigo 3 : R.E. (1101) 1006903, Prof. Domingo Docampo  
O Rector di que é unha enmenda de tipo técnico.

Acéptase por asentimento.

-Artigo 4 : R.E. (1101) 1006903, Prof. Domingo Docampo  
Trátase tamén dunha enmenda de tipo técnico

Acéptase por asentimento

-Artigo 18: R.E. (1101) 1006904, Prof. Domingo Docampo  
Enmenda de inclusión

Acéptase por asentimento.

-Artigo 8.2 (R.E. (1202) 3600, Prof. Tojo

O Prof. Tojo di que somentes se trata de poñer un prazo para convocar o Consello de Goberno.

O Rector di que non é necesario e pide que o texto se manteña como está.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

A favor do texto: 32 votos

A favor da enmenda: 4 votos

Abstencións: 3 votos

Apróbase o texto

-Artigo 18.1 R.E.(1202) 3600, Prof. Tojo

O Prof. Tojo indica que con esta enmenda o que se pretende é garantir unha representación do Sector B.

O Rector di que esa representación está garantida no texto da proposta.

Retírase a enmenda.

-Artigo 18.7 R.E.(1202) 3600, Prof. Tojo

O enmendante di que se trata de posibilitar que algúns sectores poidan estar en tódalas Comisións.

O Rector di que o punto 7 do texto xa fai esa salvedade.

Retírase a enmenda.

A continuación o Rector indica que das enmendas presentadas polo Sr. Pajares algunhas son de tipo técnico e propón aceptalas, son as seguintes:

Artigo 5, Artigo 8.4 e 8.6, Artigo 14.2c), Artigo 15.4 e Artigo 18.1.

Acéptanse por asentimento

Continúase co resto das enmendas presentadas polo Sr. Pajares.

-Artigo 2 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Enmenda de inclusión.

O Sr. Pajares di que do mesmo xeito que cando se trata algún punto que atinxe directamente a un Centro ou Departamento se convoca o Decano/Director do mesmo, pide que cando afecte o PAS ou o PDI se convoque os representantes de ambos colectivos.

Despois dun breve debate o Rector mantén o texto e o Sr. Pajares mantén a enmenda.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

A favor da enmenda: 5 votos

En contra da enmenda: 40 votos

Abstencións: 1 voto

Rexeitase a enmenda.

-Artigo 2.5 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Prodúcese unha votación

A favor do texto: 38 votos

A favor da enmenda: 3 votos

Abstencións: 3 votos

-Artigo 2.5 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Enmenda de inclusión

O Sr. Pajares di que se trata de engadir unha cautela e que calquera claustral poida participar nas sesións do Consello de Goberno.

O Rector di que a maior cautela neste Consello de Goberno e que os seus representantes foron elixidos polo Claustro.

Prodúcese unha votación.

A favor da enmenda: 2 votos

En contra da enmenda: 38 votos

Abstencións: 4 votos

Rexeitase a enmenda.

-Artigo 3.d (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

O Sr. Pajares indica que a LOU da o poder ós rectores de designar a 15 membros e que para engadir unha garantía democrática pide que teñan que ser claustrais.

O Rector di que esta enmenda non implica garantía democrática. Pide que se faga unha corrección técnica do texto que é substituír 15 representantes por 15 membros.

Prodúcese unha votación entre o texto coa corrección técnica de substituír representantes por membros e a enmenda co seguinte resultado:

A favor do texto: 37 votos

A favor da enmenda: 4 votos

Abstencións: 3 votos

Apróbase o texto.

-Artigo 3.f (R.E. 1303-300199, Sr. Pajares)

Enmenda de inclusión:

O Sr. Pajares indica que a enmenda ten o obxecto de asegurar a participación dos representantes sindicais no Consello de Goberno de igual xeito que estaban na Xunta de Goberno.

O Rector di que este e un Regulamento para un novo órgano de Goberno que ten unha representación diferente da anterior Xunta de Goberno.

O Sr. Pajares indica que non lle parece un argumento válido e cree que a presenza dos representantes sindicais é unha garantía democrática e de transparencia.

O Profesor Mazaira di que este é un debate que se ten que abordar nos estatutos.

O Profesor Gude suxire a solución de que fosen invitados permanentes do Consello de Goberno.

O Rector di que esta suxerencia esá xa incluída no propio Regulamento e propón defender o texto tal e como está.

Prodúcese unha votación

A favor da enmenda: 6 votos

En contra da enmenda: 26 votos

Abstencións: 11 votos

Rexeitase a enmenda.

-Artigo 7.2 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Retírase a enmenda

-Artigo 14.3 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Retírase a enmenda

-Artigo 18.7 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Ainda que unha enmenda igual a esta xa foi rexeitada prodúcese un breve debate no que interveñen varios membros do Consello e remata cunha votación co seguinte resultado.

A favor do texto: 36 votos

A favor da enmenda: 5 votos

Abstencións: 1 voto

-Artigo 18 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Enmenda de inclusión

Retírase a enmenda.

-Artigo 18.10 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

O Sr. Pajares defende unha redacción igual a que figuraba no Regulamento da Xunta de Goberno para asegurar a asistencia ás comisións.

O Rector propón admitir a enmenda.

Acéptase por asentimento.

-Artigo 25 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Enmenda de inclusión

O Rector di que se pode admitir pero somentes a primeira parte da enmenda “A renovación da Comisión de Doutoramento levarase a cabo cada catro anos” xa que non hai estudantes na Comisión de Doutoramento.

Acéptase por asentimento.

-Artigo 27.5 (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

O Rector propón admitir a enmenda.

Acéptase por asentimento

-Disposición Transitoria (R.E. 1303-3001991, Sr. Pajares)

Retírase a enmenda

-Disposición Final (R.E. 1303-300199, Sr. Pajares)

Retírase a enmenda

O finalizar o debate e votación das enmendas, procédese a facer unha votación global do Regulamento.

O resultado foi o seguinte:

A favor: 37 votos

En contra: 4 votos

Abstencións: 3 votos

Apróbase o Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno (Anexo IV)

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 29 de xullo de 2002 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfé